

# TaiwÃn non quere ser chinesa

## DescríÃŃo

### A sociedade taiwanesa vai a remolque do interese chinÃs pola unificaciÃn

TaiwÃn celebrou onte elecciÃns presidenciais. Son os segundos comicios pluripartidistas en toda a milenaria historia de China. A RepÃblica Popular seguiu moi atentamente todo o proceso electoral. Se en 1996, Beijing realizaba manobras militares para intentar condicionar o sentido do voto dos cidadÃns de TaiwÃn, desta vez a publicaciÃn dun novo “Libro Branco sobre o problema de TaiwÃn”, advertÃa sobre as terribles consecuencias dun pronunciamento independentista: a China ameaza con invadir a illa.

A existencia do chamado “problema de TaiwÃn” ten a súa orixe na guerra civil e na derrota sufrida polas forzas do Kuomintang. Ao proclamarse en 1949 a RepÃblica Popular, Chiang Kai-shek, o XeneralÃsimo das tropas nacionalistas exiliouse en TaiwÃn baixo a protecciÃn de Estados Unidos. Durante vinte anos, Taipei representou a toda China nas Nacións Unidas, pero a partir dos anos setenta, coa normalizaciÃn de relaciÃns entre Washington e Beijing, Taipei perdeu aquela preminencia. Dende entÃn, pode afirmarse que TaiwÃn Ã un estado de feito, pero non de dereito, Ã dicir, nin Ã membro de Nacións Unidas nin goza do recoñecemento internacional, se ben actúa na prÃctica como un autÃntico estado. A maior parte da comunidade internacional recoñece a China como o lexÃtimo e Ãnico representante de todo o pobo chinÃs.

O rÃxime dictatorial imposto en TaiwÃn por Chiang Kai-shek cebouse coa poboaciÃn nativa. O chamado “terror branco” permitiu asentar no poder Ã elite nacionalista orixinaria do continente. Os taiwaneses tiveron que aprender o mandarÃn para significarse e sobrevivir.

A desapariciÃn de Chiang abriu as portas a un proceso de transiciÃn impulsado dende arriba. Dende as propias filas do Kuomintang, Lee Teng-hui, un nativo de TaiwÃn que medrou ata os mÃximos Ãrganos de poder, Ã o principal valedor do cambio. A aposta democrÃtica Ã inseparable desa autoafirmaciÃn que rexeita o abrazo amargo do continente, vivido nas propias carnes e durante dÃcadas de dictadura. En Lee Teng-hui cristaliza a esperanza de que un rÃxime democrÃtico conte con mÃis apoios internacionais Ã hora de desafiar Ã outra China autoritaria. Ata entÃn compartÃan sistemas polÃticos similares, se ben ideolÃxicamente encontrados. A consolidaciÃn dunha democracia taiwanesa introduce un elemento de diferenciaciÃn importante respecto do continente e demostra que o autoritarismo non constitÃe un “destino fatal” para China. En Beijing, replican que o proceso democratizador iniciouse en TaiwÃn cando xa acadara un importante nivel de desenvolvemento econÃmico. Primeiro, pois, a economÃa; logo, a polÃtica...

### Unha economÃa poderosa

Segundo afirma JosÃ Luis GarcÃa-Tapia, director da CÃmara de Comercio espaÃola en Taipei, a economÃa de TaiwÃn mantivo elevadas taxas de crecemento nos Ãltimos anos. A súa renda per cÃpita Ã de 13.203 dÃlares, similar Ã de EspaÃa e moi por riba da RepÃblica Popular (790 dÃlares). As sÃas reservas de divisas ascenden a 110.000 millÃns de dÃlares. O dinamismo comercial deste paÃs de 22 millÃns de habitantes baralla cifras, tanto en importaciÃns como exportaciÃns, superiores ás de EspaÃa. TaiwÃn Ã a dÃcimo cuarta potencia comercial mundial. A súa densidade de poboaciÃn Ã de 607 habitantes por km2, a segunda maior do mundo. En TaiwÃn existen 420 vehÃculos por km2, o dobre que en XapÃn e 20 veces mÃis, por exemplo, que en Estados Unidos.

Bautizada polos intrÃpidos navegantes portugueses como a Ilha Formosa debido Ã súa gran beleza natural, a sociedade taiwanesa vive hoxe cautiva do interese continental pola unificaciÃn. Ata agora, os dirixentes de TaiwÃn admitiron o principio de “unha China”, Ã dicir, que a divisiÃn entre as dÃas Chinas obedecÃa a causas coxunturais, pero que ambas compartÃan un mesmo horizonte de unidade comÃn de toda a naciÃn chinesa. Sen embargo, nos Ãltimos anos, a medida en que os nativos gaÃan influencia e poder polÃtico, ese compromiso coa idea da unificaciÃn vai a menos. ¿ Por quÃ non dÃas Chinas?, pregÃntanse en TaiwÃn.

China ofrece a TaiwÃn un rÃxime especial, similar Ã contemplado para Hong Kong ou Macao. Pero a fÃrmula “un paÃs,

dous sistemas”, semella insuficiente para dar cobertura ás aspiracións taiwanesas. Certamente o seu caso é moi diferente ó das excolonias do Reino Unido e Portugal. Taiwán é un país e con todas as limitacións que se queira, dispón dun Exército e dunha diplomacia propia. Ata agora esas circunstancias especiais non son tomadas en serio por unha China que todo o reduce a soflamas patrióticas.

## Taiwán, importante para Galicia

Galicia mantén con Taiwán un interesante intercambio comercial, moi importante nalgúns capítulos. En efecto, Galicia vende a Taiwán máis granito en bloque do que vende, por exemplo, a Portugal. É a segunda praza en importancia no exterior. Exportamos máis a Taiwan que a toda China, e dalí importamos manufacturas plásticas, material de transporte, maquinaria eléctrica e sobre todo produtos pesqueiros (fletán, entre outros). Segundo afirma Francisco Ou, director da Oficina Económica e Cultural de Taipei en Madrid, aínda existe unha ampla marxe para promover os intercambios entre Galicia e Taiwán. España é o sétimo socio comercial de Taiwán en Europa.

## ¿É posible unha guerra?

A economía exerce un gran poder disuasorio. Dende que en 1987 Taipei decidiu eliminar as máis importantes restricións, as relacións bilaterais, tanto en comercio como en investimentos directos, experimentaron un notable incremento. A pesar de que o goberno taiwanés elevou a prudencia en relación ós investimentos en China, Beijing sabe tirar proveito da proximidade xeográfica e cultural. Medidas como o establecemento de toques á contía dos investimentos (máximo de 50 millóns de dólares), a limitación das transferencias de tecnoloxía ou o favorecemento, dende 1994, da chamada “política cara o Sur” co obxecto de abrir unha nova vía para os investimentos no sudeste asiático, non deron o resultado agardado. Moi ó seu pesar, os empresarios de Taiwán sintense máis cómodos e seguros traballando no continente e apoiando “ós bandidos chinos comunistas”. Para todos eles, China é unha opción natural.

Por outra banda, unha guerra frustraría a estratexia chinesa de integrarse na economía mundial. Os efectos serían desastrosos para o desenvolvemento do proceso modernizador que este ano experimenta un xiro cara ás zonas do interior e do oeste, aínda a enorme distancia das rexións costeiras.

No exterior, tamén preocupa a unificación. De sumar o peso das economías de Hong Kong, China e Taiwán, no ano 2002 xa superarían en PNB a Estados Unidos. Segundo estimacións do Instituto Internacional de Estudos Estratéxicos de Londres, no ano 2020 China será a economía máis forte do mundo. Por outra banda, a unificación deixaría en mans chinesas o control da principal arteria económica de Xapón, o estreito de Taiwán, por onde pasa a ruta do petróleo que abastece a economía nipona. Por último, dende unha perspectiva global, consumada a desfeita soviética, China é o único país con capacidade potencial suficiente para enfrontarse a Estados Unidos no novo milenio.

Pero para Beijing a unificación é unha misión histórica irrenunciábel. A mediados de xullo pasado, en plena crise polas declaracións de Lee Teng-hui á Deutsche Welle, Jiang Zemin declaraba a un diario local que “existen forzas en Taiwán e na comunidade internacional que teñen como meta a separación da illa. Non nos manteremos como espectadores deixando que iso aconteza”. Non se trata de afirmacións gratuitas. China estima que no suposto de recorrer á guerra, Estados Unidos nunca chegaría ó enfrontamento directo. Pero ata as previsións máis fundadas poden chegar a trabucarse. O diálogo é a mellor forma de prevención. E comeza a adquirir un certo perfil de urxencia.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés ARQUIVO

### IDIOMA

Galego

### Data de creación

Marzo 19, 2000

### Metacampos

Autoría : 3717

Datapublicación : 2000-03-19 00:00:00